

Amigas e amigos, autoridades das institucións do noso país.

Ao longo destes tres días de reflexionar e debater sobre os imaxinarios nas nosas tres literaturas, nos que percorremos as rúas intimas de Mondoñedo e as rúas muradas de Lugo, transitamos as terra que alimentaron o maxín dos nosos escritores Cunqueiro, Ánxel Fole, Manuel María, Uxío Novoneyra..., e o das tradicións orais que deles beberon.

Fillos desta terra onde a palabra romana se fixo canción de outono galego, onde ao lonxe ollaron as serras que desde as murallas de Lugo nos convocan ao seu branco de neve, cos seus espellos violáceos, a súa luz e os seus mencers.

Hoxe poñemos o ramo a esta casa comunal que é o Galeusca, construída coa escrita máis actual e a tradición máis lonxincua, que as nosas nacións coas súas literaturas foron tecendo con relacións humanas e literarias, de mutuo e fértil coñecemento.

Galeusca fixo tamén que con vascos e cataláns os galegos nos sentíramos acompañados na defensa da nosa cultura, na reivindicación dunha das vellas culturas europeas, que ten nesta cidade bimilenaria, cuxas murallas son patrimonio da humanidade, o seu máis alto símbolo.

Por ela transitou e transita o Camiño primitivo, como por Mondoñedo transita o Camiño do Norte, os primeiros camiños a Compostela que trouxeron de Europa a este Fisterra atlántico xentes das máis diversas culturas, polifonía dos pensamentos máis diversos que levaron de volta aos seus países unha cosmovisión por nós tecida.

Cada sistema literario ten o seu propio ritmo, que é o que acompasa o devir da historia do seu propio pobo, da súa propia nación.

Nós, os escritores vascos, cataláns e galegos, construímos as nosas literaturas ao mesmo tempo que participamos na construción das nosas respectivas historias e en dotar os nosos idiomas da necesaria actualidade para seren intérpretes dos tempos históricos cos que, nas nosas terras, constrúen os nosos pobos o seu presente.

Mais os escritores entretecemos relacións ao longo de vintecatro anos porque antes ca nós as tiveron as xeracións que nos precederon: permitídemme que concrete esta relación nos poetas Manuel María e mais Gabriel Aresti e mais Salvador Espriu.

Galeusca, inspirado no Galeusca histórico, renaceu en Poblet hai 24 anos, levando consigo tatuada en cada unha das nosas culturas a memoria da loita pola liberdade dos nosos pobos que, defensores da legalidade republicana, libraron dolorosamente contra do fascismo.

Houbo sempre homes e mulleres que mantiveron a memoria viva desta fértil relación, persoas e colectivos que se integraron nos países de destino e,

afirmándose aínda mais como galegos, integráronse en movementos políticos e culturais que construían os pobos vasco e catalán.

Hoxe celebramos nesta cea fraterna a dúas persoas que son dous bos e xenerosos, dos que fala o noso himno nacional, persoas que co seu labor humano, co seu labor intelectual, intercomunicaron a galegos vascos e cataláns, e que hoxe celebramos neste Galeusca

Damos grazas publicamente a Xosé Estevez e a Basilio Losada e ás súas familias que, sen perderen as súas raíces e co seu traballo, se fixeron parte da biografía colectiva de Euskadi e dos Países Cataláns, e foron ponte de mutuo coñecemento.

Celebralos é a nosa alegría e o noso orgullo.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.